

A casa encantada

El pensaba que iso xa era a herdanza, pero non. Iso era unha segunda pista. Na carta poñía o seguinte: “Quen estea lendo isto, vai por bo camiño, tan bo como o que chega ao río”. O neto recordou os veráns coa súa avoa no río e decidiu ir pola mesma vía que ía ela. Nunha parede encontrou cunha pintada moi pequena que tiña a mesma letra cá da avoa, decidiu ler o graffiti que poñía: “Pedra, río, estar”; non tiña ningún sentido. Marchou á súa casa a descansar, seguiría ao día seguinte. Pola mañá espertou asustado por un pesadelo, *saía da casa coa súa avoa por un carreiro que levaba ao río...*

Despois de xantar rápido, foise para a casa da súa avoa, cando chegou ao lugar, a casa non estaba. Asustouse, aínda que sabía moi ben onde atopar a vivenda da avoíña.

Sara González Bruña 3º D